

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN EXALCOHÓLICOS “LUÍS MIGUEL MORÁS” DA CORUÑA PARA O DESENVOLVEMENTO DA ASISTENCIA A PACIENTES CON TRASTORNOS ADICTIVOS DE DEPENDENCIA RELACIONADOS CO ALCOHOL, TABACO, XOGO E OUTRAS DEPENDENCIAS SEN SUBSTANCIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou o 11.03.2016 coa Asociación Exhsalcohólicos “Luís Miguel Morás” o convenio arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 12.03.2016 ata o 31.12.2016

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O desenvolvemento, por parte da asociación Exalcohólicos “Luís Miguel Morás” da Coruña, de programas de intervención de asistencia sanitaria especializada e a atención desde un enfoque biopsicosocial a persoas con trastornos adictivos de dependencia relacionados co alcohol, tabaco, xogo e outras dependencias sen substancia atendendo á planificación e criterios, guías e procedementos establecidos polo Servizo Galego de Saúde. No desenvolvemento destes programas, a asociación atenderá toda a demanda que se xere neste período respectando os principios de universalidade, anonimato, voluntariedade e gratuidade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1 Dentro do Servizo Galego de Saúde, a Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial é a unidade administrativa a que se refire o artigo 3 do Decreto 389/1994, do 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en Galicia, encargada de xestionar os plans e programas de saúde mental da Comunidade Autónoma e coordinar os dispositivos dedicados á saúde mental.

Así mesmo, a dita subdirección é responsable de coordinar a elaboración dos obxectivos asistenciais dos acordos de xestión e de coordinar a xestión da rede de centros asistenciais de drogodependencias, asumindo as funcións que se lle asignan ao comisionado do Plan de Galicia sobre drogas no Decreto 254/1997, do 10 de setembro.

Segundo o artigo único da Orde do 12 de marzo de 2007 pola que se regula a integración

funcional dos centros de alcoholismo e de atención ás drogodependencias non alcohólicas no Servizo Galego de Saúde, os centros de alcoholismo e de atención ás drogodependencias non alcohólicas que reciban financiamento da Comunidade Autónoma dependerán funcionalmente, en canto ao desenvolvemento de programas de intervención, do responsable de saúde mental de área.

- 2 A asociación Exalcohólicos “Luís Miguel Morás” da Coruña é unha asociación privada sen ánimo de lucro que desenvolve programas de intervención e asistencia a condutas adictivas prioritariamente de carácter sanitario e que conta cos recursos humanos e materiais necesarios para desenvolver as actividades recollidas neste convenio.

Neste sentido, os dispositivos asistenciais da asociación contan coa debida autorización segundo o establecido na normativa vixente en materia de autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios na Comunidade Autónoma Galega.

A asociación Exalcohólicos “Luís Miguel Morás” da Coruña cumpre os requisitos para obter a condición de beneficiario recollidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- 3 Tanto o Servizo Galego de Saúde como a asociación Exalcohólicos “Luis Miguel Morás” consideran de particular importancia e de interese público o establecemento de actuacións conxuntas en materia de asistencia aos trastornos adictivos na Comunidade Autónoma Galega para acadar o fin común, que é o tratamento e curación destes pacientes.

Tendo en conta o exposto, ámbalas dúas partes consideraron necesario establecer unha liña conxunta de actuación e colaboración para acadar un mellor funcionamento dos servizos sanitarios e unha mellora na saúde da poboación.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago,

